

Recurso nº 21/2019**Resolución nº 36/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 11 de febreiro de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. D.C.G. actuando en nome e representación de SMS 91 S.L contra os pregos da contratación, pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dos servizos postais, telegráficos e de paquetería da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, outras entidades do sector público de Galicia e outros órganos e administracións adheridas a esta contratación centralizada, expediente 2019-SESE 02-PL, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza convocouse a licitación do contrato dos servizos postais, telegráficos e de paquetería da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, outras entidades do sector público de Galicia e outros órganos e administracións adheridas a esta contratación centralizada, expediente 2019-SESE 02-PL, cun valor estimado declarado de 34.331.621,57 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no DOUE o 26.12.2018 e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 21.12.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

Terceiro.- O acto impugnado son os pregos da licitación antes descrita.

Cuarto.- O 16.01.2019 SMS 91 S.L interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces cara a mesma na web deste Tribunal.

Quinto.- Con data 17.01.2019 reclamouse ao órgano de contratación o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 LCSP. A documentación foi recibida neste Tribunal o día 08.02.2019.

Sexto.- Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

Sétimo.- O 22.01.2019 o TACGal acordou a medida cautelar de suspensión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Para proceder a analizar un recurso especial é necesario, como primeiro paso, que estea presentado en prazo.

Como recolle a Sentenza do TXUE de 12 de marzo de 2015, asunto C-583/13:

“Según la jurisprudencia del Tribunal de Justicia, la fijación de plazos razonables de carácter preclusivo para interponer recurso satisface, en principio, la

exigencia de efectividad que se desprende de la Directiva 89/665 en la medida en que constituye la aplicación del principio fundamental de seguridad jurídica.”

O artigo 50 LCSP recolle:

“1. O procedemento de recurso iniciárase mediante escrito que deberá presentarse no prazo de quince días hábiles. O dito prazo computarase:

b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.”

No caso que nos ocupa os pregos se publicaron na Plataforma de Contratos do Sector Público o mesmo día que se publicou o anuncio da licitación, o 21.12.2018 polo que non hai dúbida que este é o día a quo para computar o referido prazo. O recorrente tamén cita esa como a data do anuncio e publicación dos pregos.

Unha vez dito isto, sabemos que o prazo é de quince días hábiles, a partir do seguinte ao citado 21.12.2018, polo que finalizou o día 15.01.2019.

É aquí onde é necesario destacar que estamos perante unha presentación telemática a través de sede electrónica, e dunha persoa xurídica, polo que existe un precepto moi específico na Lei 39/2015, cal é o seu artigo 31.3, que non podemos obviar para tratar unha cuestión de orde público procedimental:

“3. A sede electrónica do rexistro de cada Administración pública ou organismo determinará, atendendo ao ámbito territorial en que exerce as súas competencias o titular daquela e ao calendario previsto no artigo 30.7, os días que se considerarán inhábiles para os efectos previstos neste artigo. Este será o único calendario de días inhábiles que se aplicará para efectos do cómputo de prazos nos rexistros electrónicos, sen que lles resulte de aplicación o disposto no artigo 30.6.”

Na sede electrónica da Xunta de Galicia consta ese calendario, <https://sede.xunta.gal/a-sede/calendario-e-hora-oficiais>, e nas súas referencias só aparecen como días inhábiles (ademais de sábados e domingos) o 25 de decembro de

2018 e o 1 de xaneiro de 2019, para o período entre o dies a quo antes citado e a interposición telemática do recurso, o 16 de xaneiro de 2019.

O carácter hábil do día 24 e 31 de decembro de 2018 entendemos que non é discutible, e así é reflectido en diversas mencións xurisprudenciais, como a Sentenza 64/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; Sentenza de 18.04.2005 do Tribunal Supremo; Sentenza 199/2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Castela-A Mancha; Sentenza 15/2015 do Tribunal Superior de Xustiza de Illas Canarias, Santa Cruz de Tenerife; Sentenza 432/2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid; Sentenza de 22.11.2011 da Audiencia Nacional; Sentenza 287/2002 do Tribunal Superior de Xustiza das Illas Canarias, As Palmas, todas da orde contencioso-administrativo.

Nesta punto da análise é entón cando debemos lembrar a frase tan taxativa do artigo 31.3 Lei 39/2015: *“Este será o único calendario de días inhábiles que se aplicará para efectos do cómputo de prazos nos rexistros electrónicos, sen que lles resulte de aplicación o disposto no artigo 30.6.”* Ese artigo 30.6 é o que permitía aumentar eses días inhábiles cos inhábiles do municipio ou comunidade autónoma en que resida o interesado e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa. Polo tanto, o mandato normativo que se nos aparece é que tal posibilidade non é invocable nas presentacións telemáticas, o cal é unha interpretación que non só deriva desa clara literalidade, senón que ten a lóxica das posibilidades intrínsecas a unha presentación electrónica.

Así, estando ante presentación telemática, aquí de persoa xurídica, só podemos aplicar este artigo 31.3 da Lei 39/2015 (que xa tiña o seu antecedente no artigo 26.5 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos), con esa referencia a que non resulta aquí de aplicación o previsto no artigo 30.6, para non separarnos do que é unha referencia legal expresa e que esa interposición electrónica sexa coherente coas posibilidades que ofrece esta a efectos dos días de posible interposición.

Polo tanto, ao abeiro do artigo 55.d) LCSP debemos declarar a inadmisibilidade por extemporáneo do presente recurso especial, sen máis pronunciamentos (por exemplo, dito tamén no Acordo 126/2018 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por SMS 91 S.L contra os pregos da contratación, pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dos servizos postais, telegráficos e de paquetería da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, outras entidades do sector público de Galicia e outros órganos e administracións adheridas a esta contratación centralizada, expediente 2019-SESE 02-PL.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.